



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA O ANO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude **DECLARA:**

Que se formalizou coa **Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31.12.2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Agasp para a realización de actividades de formación en lingua galega dirixidas ás distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como dos demais profesionais que traballan na seguridade pública dentro da comunidade autónoma (Unidade de Policía Adscrita de Galicia, Garda Civil e Policía Nacional).

Que existe converxencia de intereses entre as partes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

As partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Así mesmo, recolle a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

Ademais, a Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública sinala que esta orientará a súa actuación, entre outros fins, ao enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia. Así mesmo, establece que son funcións formativas da Academia, no ámbito da formación policial, entre outras, a de elaborar programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización.

As partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, que se aprobou en 2004 co fin de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, así como na dinamización da lingua galega no tecido económico para fomentar o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar os produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.





Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos reflectidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela.

O secretario xeral da Lingua

Valentín García Gómez

